

Santiago

Daniel Martínez, de Santiago, e Federico Pedreira, de Ferrol, gañan os Minerva de relato e poesía

La Voz

SANTIAGO | Daniel Martínez Mariño, de 17 anos, alumno de 1º de Bacharelato do Colexio Junior's, de Santiago, polo seu relato *Camiño do leste*, e Federico Pedreira Nores, de 17 anos, alumno de 1º de Bacharelato do IES Sofia Casanova de Ferrol, pola súa trilogía *Pausas*, son os gañadores dos derradeiros Premios Literarios Minerva nas modalidades de narración e poesía, respectivamente. Os dous estudantes triunfaron entre un total de 122 traballos presentados, 78 en narración e 44 en poesía. Como resultado do debate que deu lugar á elección dos premios, o xurado de poesía tivo ocasión de comprobar que os poemas premiados son «unha manifestación de poesía guiada polo irracionalismo». Na modalidade de narración o xurado estimou positivamente «a notable calidade e grande variedade, tanto nas temáticas como no estilo dos relatos». Tamén valorou positivamente as «moi diversas liñas creativas entre as obras narrativas a concurso».

Una pelea de varios jóvenes motiva la intervención policial en la rúa Alfredo Brañas

La Voz

SANTIAGO | Una pelea entre varios jóvenes causó ayer un revuelo en la rúa de Alfredo Brañas, que obrigó a intervenir a la policía. Fueron vecinos de la zona, que presenciaron la contienda, quienes llamaron a las fueras del orden para prevenir que el incidente fuese a mayores. La agresividad con la que se empleaban los chavales hacía temer que ocurriera algo.

En la zona se personaron sendas unidades de la policía nacional y local, que lograron poner paz en la pelea, sin que hubiese que lamentar lesiones ni hubiese que llevar a nadie detenido. No obstante, la riña de varias personas unido a los efectivos policiales que acudieron conjuntamente a la llamada hizo que se congregaran numerosas personas en el escenario de los hechos.

«Foi una pelexa entre amigos que ó final non revestiu importancia, igual que outras pelexas de rapaces», indicaron fontes de la policía local.

COMPOSTELANOS EN SU RINCÓN | MARÍA XOSÉ AGRA

«A rúa das Hortas era un universo que aínda mantén as esencias»

Esta filósofa especialista en teoría da crítica feminista e teoría da xustiza, advirte contra un certo espellismo coa conquista da igualdade, «que non está conseguida»

A SÚA FICHA


Nome: María Xosé Agra Romero
Idade: 53 anos
Profesión: Catedrática de Filosofía Moral
Elixo como lugar de Compostela Mazarelos, porque aquí está agora a Facultade de Filosofía, pero podía ser a Rúa das Hortas, na que vivo e onde nacín, ou calquera outro do casco vello, que foi sempre o meu ámbito vital.

Concha Pino

SANTIAGO | Naceu na rúa das Hortas, a mesma á que volveu para vivir coa súa familia hai trinta anos. María Xosé Agra é unha compostelá de feito e de dereito, polo dereito e polo revés. Esta muller tranquila, que prefire «escoitar antes que estar», filósofa, investigadora no campo da teoría crítica feminista, nas teorías da xustiza, e na filosofía política contemporánea, multiculturalismo, cidadanía... É membro electa no plenario do Consello da Cultura Galega, institución da que xa formaba parte como integrante da Comisión de Igualdade, de carácter transversal.

A discreción desta filósofa racha cando volve falar das Hortas, «que era un universo que aínda mantén as esencias», con sagas familiares, porque fala «dos Igrexas, os Sousas, a familia de Mary Té...», xente espallada por diferentes lugares, pero da que permanece un núcleo, o da xeración dos irmáns maiores de María Xosé, «que seguen en contacto e reúnen cada ano nunha comida á que acoden todos». É unha rúa que se renovou, «pero na que aínda quedan casas baleiras, como a do Pereiro, que é unha das grandes», de casas con hortas, con xardíns no corazón da cidade. Ela aprendeu a andar en bicicleta «na praciña detrás de Raxoi onde está ese galpón que non acaban de sacar», o de Trindade, e tiñan marcados os límites para xogar en Galeiras, «onde hoxe está o parque». Casou en Santa Susana, «unha voda íntima para desgusto dos meus pais, pero tamén porque non quedara outra, porque a miña familia era xente moi de igrexa, e eu só tiña 18 anos, e casar significaba poder irse da casa, emanciparse». A súa era unha familia do mercantil, cando aínda estaba no edificio do Preguntoiro que despois ocuparon os almacéns El Pilar.

María Xosé Agra é catedrática de Filosofía Moral por habilitación, co perfil de Filosofía Política, dende o 2006. Estudou o bacharelato no Rosalía cando Antonio Fraguas era o xefe de



María Xosé Agra asomouse á ventá do seu despacho, da que ve unha panorámica de Mazarelos | ÁLVARO BALLESTEROS

estudos. E tivo de profesora a María Jesús Sáinz e ao seu pai, don Hilario; a don Isidoro e a dona Rosa Castillo, «unha señora encantadora que me deu inglés», entre tantos docentes do que daquela aínda era instituto feminino.

Os anos universitarios

Despois decidiu estudar Filosofía. «Son do ano juliano, chamado así polo ministro Julio Rodríguez, creo que era, que eliminara os cursos comúns». E Filosofía pasou a ser Filosofía e CC, da Educación, e cando esta vella disciplina pero nova titulación se independizou, os seus primeiros alumnos, uns vinte no ano 74, peregrinaron por diferentes edificios da Universidade, dende un currunchito nos baixos de Medicina o primeiro ano, a outro de prestado en Historia, e despois a Fonseca, onde rematou. «Foron anos de forte compromiso político e de moito debate de ideas».

Un ano dando clases en Doña Emma e volveu á Universidade,

pero como profesora axudante. O centro estaba daquela en Xoán XXIII, e no 86 tiveron un edificio, por fin, na que foi Facultade de Filosofía e CC da Educación, na campus sur, ate que hai tres conquistaron un espazo propio na zona histórica, na que foi orixe casa dos xesuítas, na praza de Mazarelos ou do Instituto, que ocuparon antes as facultades de Filoloxía e a de Xornalismo. Pero María Xosé di que non aseguraría que é para sempre, «hoxe non hai nada seguro, porque a min, que caera o muro de Berlín era esperable e tiña que pasar, pero que a URSS se desfixera non, non o esperaban nin os que tiñan a imaxinación máis desbordante».

Cando se embala esta pensadora é falando de Filosofía e do lugar e consideración que ten na sociedade. «O pensamento vai seguir sendo fundamental. Por moitas voltas que de e por moito que se reconfigure, sempre se vai pensar, e as novas tecnoloxías favorecen un debate moito máis amplo e interesante. O filósofo xa non é aquel pechado na súa torre de cristal. O proceso de pensamento e de elaboración require pararse a pensar».

«O sinal co que quedou claro que a sociedade mudara foi cando se pecharon os portais das casas»

Para alguén que naceu nesta cidade e viviu os seus cambios sociais e urbanísticos, o sinal co que quedou claro que todo mudara na sociedade compostelá foi «cando se pecharon os portais, cando a xente deixou de entrar e

saír sen mais, e un na casa dos outros». Pensa que o proceso de construción de cidade ten dúas partes, «a de como cidade se vai deseñando, que creo que se fixo ben, aínda que no rural púidose facer mellor, e doutro

lado parece que se está recuperando o decaemento da cidadanía, que volve á idea de que o cidadán participe e se achegue aos problemas, porque para min parte da riqueza está na recuperación do espazo cidadán».

sofo xa non é aquel pechado na súa torre de cristal. O proceso de pensamento e de elaboración require pararse a pensar».

Asegura que a filosofía non quedou estancada, «pero temos que facer un esforzo para ter máis presenza. Todo o mundo pensa, o problema é cando non é de maneira crítica. Vivimos na sociedade do espectáculo global, e iso aféctalle á política, ao mundo da comunicación, a todas as disciplinas. O problema é que isto coincidiu cun momento de inflexión moi importante, cunha retórica neoliberal segundo a que se acababan as ideoloxías, impúñase o pensamento único e unha serie de muletillas que levan a que non se pense».

No que mudaron as cousas, aínda que non está todo conseguido, e na visión do feminismo dentro da filosofía. «O camiño de igualdade abriuno a revolución francesa, pero foi o movemento de mulleres o que logrou que fixera posible interpelar e interrogar. Nestes anos as mulleres fixeron un traballo moi importante de achega teórica e cuestionamento crítico que hoxe asumen un número significativo de pensadores, que ven que o sexo, como a raza e como a clase, son tres eixos que están marcando as coordenadas dende as que se pensa. No que insiste dende hai anos é «no espellismo coa igualdade, porque parece que cos avances lexislativos está conseguida, pero non é así, avanza, pero o proceso é lento e queda moito camiño».